

## Relación de integrantes das mesas sectoriais

Comisión Medio Ambiental	Comisión Económica	Comisión Social
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Centro Cultural Deportivo Bolos Da Carrasca</li> <li>• Centro cultural “O Torreiro”</li> <li>• Salvemos Monteferro</li> <li>• AVV “Dunas”</li> <li>• Plataforma “Nunca Máis” Val Miñor</li> <li>• AVV “A Irmandade” de Priegue</li> <li>• Peña ciclista Val Miñor</li> <li>• PSdeG-PSOE de Nigrán</li> <li>• AVV “A Camoesa”</li> <li>• A.Cultural Chandebrito 1807</li> <li>• BNG</li> <li>• Comunidad Montes Vecinales en Mano Común de Priegue</li> <li>• AVV “O Castro” de Chandebrito</li> <li>• Comunidade de Montes de Chandebrito</li> <li>• AVV Arribas Brancas, Seixos Negros e Portocelo</li> <li>• Coro Mixto <i>Stella Maris</i></li> <li>• Bolos do Ceán</li> <li>• AVV “Monteferro” de Panxón</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asociación empresarios Val Miñor</li> <li>• Colegio de aparejadores y arquitectos</li> <li>• ASEMCA</li> <li>• AVV “Dunas”</li> <li>• AVV “A Irmandade” de Priegue</li> <li>• PSdeG-PSOE de Nigrán</li> <li>• AVV “A Camoesa”</li> <li>• BNG</li> <li>• AVV “O Castro” de Chandebrito</li> <li>• Comunidade de Montes de Chandebrito</li> <li>• AVV Arribas Brancas, Seixos Negros e Portocelo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colegio de aparejadores y arquitectos</li> <li>• Centro cultural “O Torreiro”</li> <li>• Clube Racing de Vilariño</li> <li>• AVV “Dunas”</li> <li>• AVV “A Irmandade” de Priegue</li> <li>• Peña ciclista Val Miñor</li> <li>• PSdeG-PSOE de Nigrán</li> <li>• AVV “A Camoesa”</li> <li>• A.Cultural Chandebrito 1807</li> <li>• BNG</li> <li>• Comunidad Montes Vecinales en Mano Común de Priegue</li> <li>• AVV “O Castro” de Chandebrito</li> <li>• Comunidade de Montes de Chandebrito</li> <li>• AVV Arribas Brancas, Seixos Negros e Portocelo</li> <li>• Coro Mixto <i>Stella Maris</i></li> <li>• Salvemos Monteferro</li> <li>• Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor</li> <li>• Bolos do Ceán</li> <li>• UCN</li> <li>• AVV “Monteferro” de Panxón</li> </ul>

## Relación de asistentes ás reunións das mesas sectoriais:

16/09/09, Mesa Sectorial de Medio Ambiente

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Centro Cultural Deportivo Bolos Da Carrasca</li> <li>• Salvemos Monteferro</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• AVV “Dunas”</li> <li>• Plataforma “Nunca Máis” Val Miñor</li> </ul> |
|--|--|

- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- AVV “A Camoesa”
- BNG
- Comunidade Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- AVV “O Castro” de Chandebrito
- Comunidade de Montes de Chandebrito
- Coro Mixto *Stella Maris*
- Bolos do Ceán

### 17/09/09, Mesa Sectorial Social

- Centro cultural “O Torreiro”
- Clube Racing de Vilarinho
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- AVV “A Camoesa”
- BNG
- Comunidade Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- AVV “O Castro” de Chandebrito
- Coro Mixto *Stella Maris*
- Salvemos Monteferro
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- Bolos do Ceán
- AVV “Monteferro” de Panxón

### 22/09/09, Mesa Sectorial Medio Ambiente

- Centro Cultural Deportivo Bolos da Carrasca
- Centro cultural “O Torreiro”
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- AVV “A Camoesa”
- Comunidade Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- AVV “O Castro” de Chandebrito
- Comunidade de Montes de Chandebrito
- AVV Arribas Brancas, Seixos Negros e Portocelo
- Coro Mixto *Stella Maris*
- Salvemos Monteferro
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- Bolos do Ceán
- AVV “Monteferro” de Panxón

### 23/09/09, Mesa Sectorial Social

- Centro cultural “O Torreiro”
- Clube Racing de Vilarinho
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- BNG
- Comunidade Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- Bolos do Ceán
- AVV “Monteferro” de Panxón

### 29/09/09, Mesa Sectorial Medio Ambiente

- Centro cultural “O Torreiro”
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- AVV “A Camoesa”
- BNG
- Comunidad Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- Coro Mixto Stella Maris
- Salvemos Monteferro
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- Bolos do Ceán
- AVV “Monteferro” de Panxón

### 01/10/09, Mesa Sectorial Social

- Centro cultural “O Torreiro”
- Clube Racing de Vilariño
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- AVV “A Camoesa”
- BNG
- Comunidad Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- AVV “O Castro” de Chandebrito
- Coro Mixto Stella Maris
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- AVV “Monteferro” de Panxón

### 08/10/09, Mesa Sectorial Medio Ambiente e Social

- Centro Cultural Deportivo Bolos da Carrasca
- Salvemos Monteferro
- Clube Racing de Vilariño
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- PSdeG-PSOE de Nigrán
- A.Cultural Chandebrito 1807
- BNG
- Comunidad Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- AVV “O Castro” de Chandebrito
- Coro Mixto Stella Maris
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- Bolos do Ceán
- AVV “Monteferro” de Panxón

### 22/10/09, Mesa Sectorial Medio Ambiente e Social

- Centro Cultural Deportivo Bolos da Carrasca
- Salvemos Monteferro
- Clube Racing de Vilariño
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- AVV Arribas Brancas, Seixos Negros e Portocelo
- BNG
- Comunidad Montes Vecinales en Mano Común de Priegue

- AVV “O Castro” de Chandebrito
- Coro Mixto Stella Maris
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- Bolos do Ceán
- AVV “Monteferro” de Panxón
- Cofraría de pescadores de Panxón

### 05/11/09, Mesa Sectorial Medio Ambiente e Social

- Centro Cultural Deportivo Bolos da Carrasca
- Salvemos Monteferro
- Clube Racing de Vilaríño
- AVV “Dunas”
- AVV “A Irmandade” de Priegue
- Peña ciclista Val Miñor
- PSdeG-PSOE
- BNG
- Comunidad Montes Vecinales en Mano Común de Priegue
- Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor
- Bolos do Ceán
- AVV “Monteferro” de Panxón
- Cofraría de pescadores de Panxón
- AVV “Outeiro de Parada

## **PROPOSTAS:**

Unha vez recibidas as propostas formuladas polos distintos colectivos e remitidas en conxunto para a súa análise, reúnense os integrantes das diferentes mesas sectoriais co obxectivo de analizar e debater as propostas realizadas.

Ata o momento acordouse por consenso de todos os integrantes, aceptar as seguintes propostas que serán sometidas á consideración e deliberación da asemblea do Consello Sectorial do PXOM do Concello de Nigrán:

### **Mobilidade**

- As propostas referentes á resolución dos problemas e necesidades de mobilidade do concello de Nigrán, especialmente en termos de definición de viais e infraestruturas de promoción do transporte público deberán realizarse sempre en base a un estudo previo de mobilidade sostible. A tal fin o concello de Nigrán dispón nestes momentos, dunha proposta para a realización deste traballo. Sen embargo, tras o anuncio da Xunta de Galicia da presentación do Plan MOVE, decídese solicitar o estudo de mobilidade para dispor dos datos (xúntase solicitude).

**ASUNTO:** *Solicitude de información estudio de mobilidade*

Na actualidade o Concello de Nigrán atópase en fase de redacción do PXOM, a tal fin constituíuse un consello Sectorial coa participación de todos os grupos políticos da Corporación Municipal e a meirande parte dos colectivos cidadáns do municipio. Unha das cuestións abordadas no Consello Sectorial foi a problemática da mobilidade no

Concello de Nigrán a fin de acadar aquelas solucións que en termos de sostibilidade e de cumprimento co establecido no documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica poidan ser recollidas no documento do PXOM.

Aproveitando a recente presentación do Plan de mobilidade MOVE por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que se inclúen actuacións no concello de Nigrán, os membros do consello sectorial consideran que os datos do estudio de mobilidade referentes a este concello poden ser de utilidade para a toma de decisións en termos de mobilidade no PXOM de Nigrán.

Por outra banda evitariáase a necesidade de duplicar os estudos por parte das administracións públicas ó ter que realizarse unha análise das necesidades de mobilidade no concello de Nigrán.

### **SOLICITA**

Copia dos datos do estudio de mobilidade do Plan MOVE referentes ó concello de Nigrán

En Nigrán a 24 de setembro de 2009

O CONCELLEIRO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ      O ALCALDE EN FUNCIÓNS  
Presidente-Delegado do Consello Sectorial

Juan J. Hermida Lago

David Giraldez Fernández

- Proponse mellorar a comunicación dentro das distintas parroquias e entre elas.
- **Respecto do vial Balsa-Saiáns-Porto do Molle sometéronse a votación as seguintes propostas co resultado que se indica:**

#### **1.-Rexeitamento do vial de alta capacidade denominado Balsa-Saián-Porto do Molle e eliminar a peaxe da autoestrada AG-57**

As necesidades de comunicación de Porto do Molle deben pasar pola utilización da autoestrada AG 57, á que ese polígono terá un acceso próximo e directo. Mesmo se nun futuro fora necesaria a ampliación desa autoestrada tanto os custes como o impacto ambiental e social da obra serían moito menores que os do vial Balsa-Saiáns-Porto do Molle. Consideramos esa autovía innecesaria e contraria aos intereses de Nigrán, destrutora do noso patrimonio e fragmentadora do noso territorio e dos núcleos rurais e parroquiais. Fragmentadora polo tanto da relación humana.

Votos a favor: 10.

AVV Arribas Brancas, Seixos Negros e Portocelo, Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor, AVV “A Irmandade” de Priegue, Bolos do Ceán, Centro Cultural Deportivo Bolos Da Carrasca, AVV “Monteferro” de Panxón, Peña ciclista Val Miñor, AVV “Dunas”, Salvemos Monteferro.

Votos en contra: 0

Abstencións: 5

AVV “O Castro” de Chandebrito, BNG, Clube Racing de Vilariño, Comunidade Montes Vecinales en Mano Común de Priegue, Coro Mixto *Stella Maris*

## **2.-Non se aceptará ningunha proposta de rede viaria en tanto non se sustente nun estudo de mobilidade**

Votos a favor: 8.

AVV “Dunas”, AVV “Monteferro” de Panxón, AVV “O Castro” de Chandebrito Clube Racing de Vilariño, Bolos do Ceán, Comunidade Montes Vecinales en Mano Común de Priegue, Coro Mixto *Stella Maris*, AVV Arribas Brancas, Seixos Negros e Portocelo, AVV. “Dunas”.

Votos en contra: 0

Abstencións: 7

Plataforma “Nunca Máis” do Val Miñor, AVV “A Irmandade” de Priegue, BNG, Centro Cultural Deportivo Bolos Da Carrasca, Peña ciclista Val Miñor, cofradía de pesacadores de Panxón, Salvemos Monteferro

- Establecer unha rede de ciclovías que garanta a seguridade dos ciclistas e estimule o uso da bicicleta.
- Proponse solicitar a gratuidade da autoestrada AG-57.
- Proponse promover o establecemento de aparcadoiros disuasorios que favorezan a mobilidade peonil de acceso ás áreas comerciais ou administrativas.
- Proponse establecer medidas de recuperación e conservación das vías tradicionais de comunicación que poderán ser empregadas como roteiros de sendeirismo a pé, en bici ou en cabalo.
- Considérase innecesario o vial de alta capacidade dende A Mámoa (Priegue) ao Torreiro de Chandebrito polo que se debe esixir a mellora pola Deputación do vial Vincios-Camos que figura nos orzamentos da deputación.

- Desenvolver infraestruturas que promovan a implantación e uso do transporte público colectivo, previo estudo de mobilidade.

## **Enerxía**

- O Equipo redactor deberá estimar a porcentaxe máxima de enerxía renovable producida que se deberá acadar no municipio tralo desenvolvemento do PXOM. Para elo, se fose necesario, poderíase recorrer ó asesoramento do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

## **Instalacións portuarias**

- Na actualidade e coa información da que se dispón tanto do Plan Director de Portos da Xunta de Galicia como dos proxectos municipais realizados e non aprobados acerca de novas instalacións portuarias no concello de Nigrán os colectivos da Mesa Sectorial consideran improcedente o desenvolvemento dun porto deportivo no municipio de Nigrán e así mesmo consideran necesario apostar polo desenvolvemento do porto pesqueiro de Panxón e da súa actividade. Alén diso considérase factible a utilización das instalacións portuarias para outras actividades sempre e cando estas sexan compatibles coa fundamental e prioritaria que é a pesqueira. (Entre as posibles actividades compatibles valórase a de acoller embarcacións en tránsito)

## **Calidade ambiental**

- Proponse desenvolver zonas verdes arboradas no perímetro da EDAR para reducir o seu impacto ambiental.
- As augas tratadas na EDAR deberían ser reutilizadas para os usos que a súa condición permita, evitándose o uso do emisario e dando á cidadanía proba da eficacia do seu tratamento (se a depuración é correcta o emisario non é preciso), ademais de significar un importante aforro no consumo de auga. Suxírese empregar o sistema de lagunaxe para tal fin.
- Prever e artellar desde o PXOM a necesaria separación de augas pluviais e residuais urbanas, promovendo solucións que permitan o pretratamento das augas pluviais coa finalidade de depurar as mesmas antes de verterse ó medio natural.
- Proponse incorporar as conclusións do estudo de asolagamento do río Muíños.
- Proponse establecer medidas para reducir os riscos de contaminación das fontes de abastecemento e protexer o gran número de mananciais e fontes con que conta o concello.

- Proponse establecer solucións encamiñadas á redución do consumo de auga.
- **Consideramos que o PXOM debe integrar e aumentar as medidas protectoras de Monteferro** que conteñen as actuais normas subsidiarias, impedindo a instalación de iluminación, mobiliario urbano, etc. así como ningún tipo de explotación comercial, aparcamentos, valados, miradoiros artificializados, nin a apertura de novos camiños ou a ampliación dos existentes; nin tampouco servizos innecesarios como saneamento, traída de auga potable, asfaltado de camiños, movemento de terras, recheos ou outras intervencións que modifiquen o carácter de espazo natural, que é a maior riqueza que para Nigrán representa Monteferro. O tránsito motorizado debería quedar terminantemente prohibido en todo o ámbito protexido pola actual ordenanza 17, coas excepcións do camiño principal xa asfaltado, dos traballos que teña que realizar a comunidade de montes para o seu aproveitamento forestal ou dos derivados de situacións de emerxencia (policía, ambulancia, protección civil, bombeiros, etc.) ou outras labores de mantemento necesarios.
- **Considérase de gran importancia a protección e conservación dos nosos montes e espazos forestais.** É imprescindible que o PXOM procure e fomenta políticas de reforestación baseadas en axudas de todo tipo, prevalecendo a implantación de plantas autóctonas fronte a alóctonas.
- **No relativo á franxa costeira** considérase que cómpre restrinxir ao máximo a construción de novas edificacións e infraestruturas nesa zona sensible e consolidar e ampliar os pasos dados para a recuperación de espazos naturais, dunas, etc. en Panxón e Praia América, e iniciar idéntico traballo na Praia de Patos e na zona de Prado, limitando o acceso de vehículos a esas zonas, e buscando alternativas para o aparcamento. A ordenanza 16 das Normas Subsidiarias refírese á conservación e protección da costa e fixa unha serie de prohibicións (corta de arborado, publicidade, extraccións de area, modificación de canles e outras) que debería recoller tamén o PXOM, adaptadas á legalidade vixente, para a protección deses espazos.
- **O PXOM tería tamén que protexer a marisma da Ramallosa non incluída no LIC.**
- Proponse a reserva de solo para a situación dun punto limpo.
- Proponse a delimitación de espazos na vía pública para a situación dos puntos de depósito do lixo debidamente acondicionados, favorecendo a súa accesibilidade.
- Prever medidas correctoras e reductoras sobre os posibles efectos contaminantes das industrias que se instalen no Parque Empresarial de Porto do Molle.



- Propónse estudar fórmulas de xusta compensación daqueles propietarios afectados por algún réxime de especial protección de solo.
- Propónse o uso nas zonas verdes, de especies autóctonas que eviten o empobrecemento do solo, fomenten a formación de zonas arboradas máis resistentes aos lumes e favorezan a biodiversidade (esta política forestal tamén debería aplicarse nas zonas que se viron afectadas polos lumes e fomentala en todas as áreas forestais do concello).
- Propónse que os viais de novo trazado ou remodelados incorporen a plantación de árbores.

## **Inventarios**

- O concello de Nigrán deberá contar cun inventario actualizado dos terreos de titularidade pública.
- O concello de Nigrán deberá realizar un inventario actualizado dos elementos patrimoniais, para o que se suxire a axuda dos colectivos sociais do municipio.
- O concello de Nigrán deberá realizar un inventario das masas forestais susceptibles de conservar ou protexer.
- O concello de Nigrán deberá realizar un inventario actualizado dos cauces fluviais.
- O concello de Nigrán deberá realizar un inventario actualizado das masas e puntos de abastecemento de auga así como mananciais, presas de regadío e lavadoiros públicos.

## **Infraestructuras**

- Cando sexa competencia do planeamento e alí onde proceda deberá preverse a instalación de módulos de tuberías nas vías públicas a fin de facilitar o soterramento dos cableados así como evitar a constante rotura do asfalto para a instalación de cable ou tuberías dos respectivos servizos públicos.
- Considérase necesario manter e mellorar o Pavillón de Deportes de Panxón.

## **Reservas de solo**

- Reservar solo para posibles centros de formación profesional orientados á demanda do concello, como escolas de Hostelería, Turismo, pesca, etc.
- Reservar solo para centros de maiores.
- Reservar solo para centros sanitarios acordes ás necesidades da poboación.
- Reservar solo para garderías infantís acordes ás necesidades da poboación.
- Reservar solo para instalacións de carácter cultural acordes ás necesidades da poboación: Auditorio, ludotecas, biblioteca, telecentro etc.
- Reservar solo para instalación de carácter deportivo acorde ás necesidades da poboación.

## **Novos desenvolvementos urbanísticos**

- Os núcleos rurais e parroquias que configuran este concello, deberán ter un desenvolvemento cun equilibrio no seu deseño e unha harmonía estética, deberase facer do rústico modernidade, sen perder as súas características rústicas, tendo os máximos servizos para unha mellor calidade de vida para os veciños.
- Proponse a ampliación ó máximo das áreas de núcleo rural.
- As áreas de nova urbanización deberán considerar como límite da súa área de desenvolvemento as faixas de protección contra incendios e as áreas forestais a conservar. En todo caso se algún propietario das zonas de protección resultase afectado deberá ser debidamente compensado.
- Proponse levar a cabo un desenvolvemento harmónico entorno ós espazos comerciais desenvolvendo zonas peonís e reorganización do tráfico de vehículos.
- Proponse promover un centro urbano no que predomine un espazo de uso público e de convivencia cidadá, así como dunha gran alameda.
- Proponse poñer en valor os enclaves e elementos de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.
- Reservar solo no ámbito rural para equipamentos, posibilitando a planificación de accións positivas de mellora das condicións de vida do medio rural,

favorecendo especialmente o acceso á información, á oferta educativa, asistencial, sociocultural e lúdica, comercial e deportiva.

- Proponse ter en conta as determinacións do plan de accesibilidade do concello de Nigrán.
- Priorizar os desenvolvementos urbanísticos sobre espazos antropizados, primando a compactidade alí onde proceda e promover vivenda unifamiliar ata os límites de sostibilidade económica e ambiental máximos do Plan.
- Procurar a tipoloxía de edificación máis eficiente, minimizando as posibles afeccións das edificacións sobre o entorno.
- Fomentar a harmonía das novas construcións coas xa existentes e co entorno no que estean emprazadas.
- Priorizar a rehabilitación e o aproveitamento do patrimonio residencial edificado.

### **Vivenda Protexida**

- PXOM deberá contemplar a máxima porcentaxe de Vivenda Protexida capaz de soportar a viabilidade económica do Plan.

En Nigrán a 29 de outubro de 2009

O CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE  
*PRESIDENTE-DELEGADO DO CONSELLO SECTORIAL* Juan J. Hermida Lago